

Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Índice

	Contexto	3
	Metodoloxía	15
	Plan de reactivación cultural e turística	19
	Obxectivos	23
	Xacobeo 2021	27
	Medidas hixiénico-sanitarias	30
	Eixes de actuación	33
	Listaxe completa de medidas e actuacións	35
	Resumo orzamentario do Plan	69
	Fontes e bibliografía	71



Contexto



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Contexto

Crise sanitaria e económica derivada da COVID-19

As industrias cultural e turística supoñen, no seu conxunto, o 13 % do PIB de Galicia e preto do 14 % do emprego, chegando case aos 160.000 postos de traballo directos en 2019.

Concretamente, no sector cultural, entre os anos 2014 e 2018 o emprego experimentou un aumento do 5,4 %, ata chegar a un total de 35.000 profesionais na actualidade. Isto supoñía unha achega do 2,5 % ao PIB do territorio.

Pola súa banda, o sector turístico Galicia acadou en 2019 os mellores resultados da súa historia. É a CCAA onde máis medrou a demanda turística de España (un 6 %, fronte á media nacional dun 1 %) e alta rendibilidade (un 7 %, fronte á media nacional dun 3,2 %).

A crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 provocou unha parálise total destes sectores. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lenta e progresiva, condicionado polas actuais medidas de restrición de mobilidade e de concentración de persoas, moi dependente dos diferentes escenarios posibles de desescalada. Os primeiros informes de impacto apuntan a unha recuperación máis serodia que noutros sectores.



Contexto

Impacto no sector turístico

A volatilidade do contexto actual provoca incertezas que dificultan a diagnose dun escenario claro de recuperación. Non obstante, todos **os estudos actuais apuntan a un impacto notable no sector turístico.**

Segundo as primeiras proxeccións, **estímase unha caída da actividade turística dun mínimo dun 33,2 % sobre os niveis do ano 2019.** O que implicaría unha redución do PIB Turístico en Galicia de 2.476 M€.

Isto suporía unha perda importante de emprego no sector. Nestes momentos, o 31 % de todos os ERTES presentados en Galicia correspóndelle ao sector turístico. Nun sector moi marcado pola estacionalidade, as proxeccións de apertura antes, durante ou despois da campaña de verán, definen os diferentes escenarios.

A situación actual inflúe tanto na **oferta turística:**

- Peche obrigado e apertura progresiva.
- Procesos de regulación de emprego.
- Necesidade de liquidez.
- Impacto destacado en subsectores.
- Posibles restricións de capacidade a medio prazo.

Como na **demanda turística:**

- Limitacións á mobilidade das persoas.
- Crise de confianza.
- Impacto extremo no turismo internacional.
- Debilidade dun sector moi exposto aos ciclos económicos.
- Aparición de novos hábitos de consumo turístico.



Contexto

Escenarios de recuperación do sector turístico

Baseándose nos datos achegados polos diferentes estudos, **a Mesa do Turismo formula tres posibles escenarios.**



Primeiro escenario optimista

A tempada comeza en xuño, salvando o verán, o que limitaría as perdas (ao redor de 25.000 M€ a nivel nacional)



Segundo escenario intermedio


O inicio da tempada atrasase ata xullo. Con caídas moi pronunciadas no número de visitantes estranxeiros e dobrando as perdas do primeiro escenario (45.000 M€)



Terceiro escenario pesimista

Contempla que os principais mercados non viaxen por razóns sanitarias e económicas. Perda total da tempada. Triplicaría as perdas do escenario inicial (90.000 M€).

ESCENARIOS DE RECUPERACIÓN PROXECTADOS



Fonte: Informe de Impacto do Coronavirus. Exceltur. Abril 2020.


Contexto

Impacto da COVID-19 no Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago mantivo, nos últimos exercicios, un crecemento sostido no que cada ano superou as cifras de serie histórica, chegando ás 327.342 peregrinacións no 2019, dos que o 56 % foron estranxeiras. As estimacións recollidas no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 estimaban un incremento ata as 500.000 peregrinacións durante o Ano Santo, superando as 285.000 estranxeiras.

O Grupo de Análise e Modelización Económica do IDEGA, dependente da Universidade de Santiago, está a elaborar a instancias da Xunta de Galicia, un estudo sobre a exposición do Camiño de Santiago aos efectos da Covid-19 que serviu para a adaptación e mellora da eficacia das medidas recollidas neste Plan e vinculadas ao Camiño.


EVOLUCION NORMALIZADA DE PEREGRINOS DESDE 2007



Fonte: Exposición do Camiño de Santiago aos efectos da COVID-19. IDEGA. USC.2020

Aplicando o impacto previsto sobre o Escenario 1 de recuperación do sector turístico e comparando os datos coas estimacións recollidas no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, apréciase unha potencial redución do número de peregrinacións que se recuperará paulatinamente cara o final de 2020. É importante, tamén, destacar a importancia crecente das peregrinacións internacionais, que se verán especialmente minguadas nas primeiras fases da recuperación.

PROYECCIÓN DE ESCENARIO POST COVID-19



Fonte: Informe de impacto da crise do COVID 19 sobre o sector turístico galego.
Cluster Turismo de Galicia. Abril 2020



Contexto

Impacto no sector cultural

De xeito similar ao que acontecía no caso do sector turístico, o sector cultural está totalmente paralizado durante o decreto do estado de alarma. Realízanse as seguintes proxeccións, en base ao escenario máis optimista e o máis pesimista.



Escenario optimista

O impacto negativo no sector da cultura estímase entre os 100 e 120 M€ e unha perda potencial de entre 2.000 e 2.500 empregos, o que supón ao redor do 7 % do total, con respecto ao escenario previo á crise sanitaria. Esta situación pasaría pola programación, no derradeiro trimestre, de parte das actividades e eventos culturais.



Escenario pesimista

Nunha prospección máis pesimista, en relación á dinámica do nivel de cancelacións, do fluxo de gasto público e da diminución do consumo final de produtos e servizos culturais, é previsible que o impacto negativo poida multiplicarse e que o desemprego chegue ata os 11.000 profesionais.



Contexto

Impacto no sector cultural


Ao comezo da crise xerada polo contaxio da COVID-19, a Consellería de Cultura e Turismo encargou un estudo á USC que proxectará o seu impacto sobre a economía e o emprego cultural. As seguintes conclusións e indicadores son parte de ese estudo, que sigue desenvolvéndose nestes momentos.

Hipótese de linearidade

Proxección baseada nunha produción lineal ao longo do ano. Estímase o PIB mensual e semanal de cada rama coma resultado de prorratear o PIB anual en períodos temporais homoxéneos e equivalentes.

Asumese unha redución da actividade desigual segundo a actividade propia das ramas que afectaría ás semanas posteriores á declaración do estado de alarma.

- **Impacto negativo de 172€ millóns de euros durante os meses de marzo e abril.**
- Perda neste período dun 11,11 % do PIB anual previsto para o sector.
- Diminución do 0,26 % do PIB anual da comunidade galega.



Fonte: Estudo de impacto do COVID-19. Economía e emprego no sector cultural. Universidade de Santiago de Compostela. 2020.


Hipótese de non linearidade

Asumindo unha produción non lineal ao longo do ano.

Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xun	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
8,94%	5,92%	7,10%	7,58%	8,94%	10,77%	10,80%	9,07%	8,37%	8,88%	7,19%	6,44%

Realízase unha estimación da caída da actividade atendendo á diminución das contratacións e afiliacións rexistradas no período febreiro/marzo deste ano. Para ofrecer unha imaxe máis fiel do sector, detraese o efecto da rama de actividades deportivas e xogos de azar e apostas.

- **Impacto negativo de 51€ millóns de euros durante os meses de marzo e abril.**
- Perda neste período dun 3,39 % do PIB anual previsto para o sector.
- Diminución do 0,08 % do PIB anual da comunidade galega.



Fonte: Estudo de impacto do COVID-19. Economía e emprego no sector cultural. Universidade de Santiago de Compostela. 2020.



Contexto Riscos

Atendendo aos informes publicados, os principais riscos para os sectores cultural e turístico pasan por:

- 1 **Peches de empresas e destrución do tecido.** A dimensión das empresas e a súa dependencia de campañas estacionais motivan un risco de peche de empresas nun prazo moi reducido de tempo.
- 2 **Importante perda de emprego.** En dous sectores que suman, en conxunto, o 14 % do total en Galicia, coas subsecuentes consecuencias sociais e económicas.
- 3 **Extensión no tempo das limitacións legais á mobilidade e á capacidade,** o que suporía unha caída abrupta da demanda.
- 4 **Dependencia absoluta do consumo de proximidade a medio e longo prazo.** Motivada polo peche de fronteiras,, pola inexistencia de voos internacionais e pola perda da confianza das persoas consumidoras.

Oportunidades

A recuperación dos sectores cultural e turístico a medio prazo agárdase lenta e progresiva, pero Galicia conta tamén con potenciais vantaxes competitivas no escenario posterior á crise da COVID-19:

- 1 **O modelo turístico galego.** Non está masificado e conta con grandes recursos ao aire libre vencellados á natureza, á costa e ao patrimonio cultural, ou á gastronomía de produto. Os seus atributos como destino están asociados á sustentabilidade, á paisaxe e á tranquilidade. E ademais é menos dependente do turismo internacional.
- 2 **O Camiño de Santiago.** É o gran valor de dimensión internacional e promoción de Galicia. Atópase asentado en gran parte do territorio e os seus valores (superación, contacto coa natureza, espazos abertos, seguridade e solidariedade) terán un gran impacto no modelo turístico futuro.
- 3 **O Xacobeo 2021.** É un elemento de promoción nacional e internacional de extraordinaria importancia para Galicia. Pode supoñer un catalizador de oportunidades para unha recuperación transversal, tanto do turismo e da cultura, como doutras actividades económicas.



RELEVANCIA DO TURISMO EN GALICIA

O turismo é un sector estratéxico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.



10.4 % peso do turismo no PIB

11 % peso do turismo no emprego

123.772 persoas empregadas



5,1 M turistas ao ano

11 M de pernoitas

347.578 peregrinacións acreditadas



2.182 establecementos hoteleiros

1.626 establecementos extrahoteleiros

145.694 prazas ofertadas



314M € ingresos do sector hoteleiro

RELEVANCIA DA CULTURA EN GALICIA

A cultura define a nosa identidade. É unha fonte inesgotable de orgullo e a salvagarda da tradición, do talento e da creatividade do noso pobo. Pero, ademais, é un sector económico fundamental que lle dá emprego a moitas galegas e galegos e xera riqueza, benestar e progreso.



2,5 % peso da cultura no PIB
3 % peso da cultura no emprego



34.000 persoas empregadas
5^a CC.AA. con máis emprego cultural
5,4 % crecemento nos últimos anos



4.000 actuacións de artes escénicas ao ano
39M€ impacto do turismo de festivais



597€ gasto cultural anual por familia
2.504 libros editados cada ano
239 libros por fogar galego



Contexto

Medidas económicas transversais impulsadas pola Xunta de Galicia

Dentro deste contexto xeral provocado pola incidencia da COVID-19, o Goberno galego vén de impulsar diversas medidas transversais para apoiar ás empresas e profesionais afectados, que se complementarán coas accións sectoriais específicas para a cultura e o turismo recollidas neste Plan de Reactivación.

1

Inxeción de liquidez a autónomos e PEMES

- **Investimento de 30M€ para mobilizar 250M€ en préstamos, sendo asumidos a totalidade dos intereses pola administración autonómica.**
 - » Aval de entre 3.000 e 200.000 euros de importe por cada negocio.
 - » Prazo de amortización de ata 4 anos con 1 ano de carencia.
 - » Máximo de 1,5% de intereses asumindo o 100% a Xunta.
- Dirixido a PEMES e Autónomos.
- Poden solicitarse dende o 2 de abril ata o 30 de setembro de 2020

Contexto

Medidas económicas transversais impulsadas pola Xunta de Galicia

2

Aprazamento do pago de 265 M€ de préstamos do IGAPE e XESGALICIA

- **Aprazamento do pago das cotas de amortización e intereses de liquidación do primeiro semestre.**

- » Dirixido A PEMES e Autónomos que demostren un impacto significativo derivado da COVID-19.
- » Non necesitan devolverse durante o primeiro semestre e poderán facelo cando venza o préstamo.
- » Pode solicitarse dende o 24 de abril e ata o 22 de maio de 2020 baixo unha declaración responsable.

3

Anticipo a familias afectadas por ERTes

- **Permite recibir de forma inmediata 1.500 euros, cun tope mensual de 750 euros, mediante un convenio acordado coas entidades financeiras.**

- » Dirixido a traballadores afectados por ERTes que presten os servizos en Galicia e que aínda non cobrasen as prestacións por desemprego por parte do Goberno.
- » As contías dos anticipos establécense en función das mensualidades que cada empregado teña pendente de cobro.
 - 750 euros ao mes, no caso de persoas con contratos a xornada completa e afección do ERTE ó 100% da xornada.
 - Se o contrato fose a tempo parcial ou o ERTE afectase so a unha parte da xornada, o adianto reducirase proporcionalmente. Deste modo, poderán facilitarse dous períodos de prestacións por persoa traballadora, ata o tope de 1.500 euros.





Metodoloxía



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Metodoloxía

Proceso de elaboración do plan

O presente Plan de reactivación **parte dos diversos informes publicados polas principais entidades de referencia nos ámbitos cultural e turístico.**

No turismo, a Organización Mundial do Turismo (OMT), Exceltur, o Clúster Turismo de Galicia e a Mesa do Turismo, entre outros.

Na cultura podemos destacar o Consello da Cultura Galego, a Real Academia Galega, a Real Academia de Belas Artes, a AGAPI, Escena Galega, Asociación de Festivais, Federación de Librerías de Galicia e a Asociación Galega de Editores, entre outros.

Ademais de datos propios e dos publicados por algunhas das principais consultoras do mundo, como Deloitte, KPMG ou McKinsey.

En todo caso, dada a condición de volatilidade e incerteza da situación actual, **este plan parte esencialmente do diálogo cos sectores cultural e turístico.** Un proceso participado, que desde o pasado 3 de marzo vén realizando o equipo da Consellería de Cultura e Turismo cunha gran cantidade de axentes sectoriais.

Escoitando as demandas e recollendo achegas, tratando de artellar medidas áxiles que lle dean unha resposta eficaz ás necesidades reais das empresas e dos profesionais.

Datos de participación para a elaboración do plan



65 número total de contactos e reunións
231 axentes sectoriais contactados



170 número de propostas recibidas*
118 número de propostas incluídas no Plan
71 % porcentaxe de propostas incluídas

* Moitas das propostas dos axentes sectoriais foron conindicentes

Metodoloxía

Encontros sectoriais

A redacción deste plan atende ás demandas e necesidades que xurdiron dos numerosos encontros mantidos cos axentes sectoriais.



Ámbito cultural

Reunións cos subsectores da música, audiovisual, artes escénicas, xestión cultural, artes plásticas, patrimonio cultural e co sector do libro. Tamén con institucións como a RAG, CCG e RAGBA.



Ámbito turístico

Reunión cos subsectores MICE, guías de turismo, turismo activo, turismo rural, cámping, hoteis, profesionais do turismo, albergues, axencias de viaxe, touroperadores de receptivo e Xeodestinos.



Xacobeo - Camiño de Santiago

Reunións con asociacións galegas de amigos do Camiño, con entidades destacadas a nivel estatal e internacional e tamén coa Igrexa, Comité de Expertos do Camiño e agrupacións de concellos do Camiño.

Grupos de traballo sectorial

Neste marco de traballo, creáronse Grupos de Traballo Sectorial específicos, para escoitar as necesidades e demandas dos diferentes colectivos.

- **Grupo de Traballo do Camiño de Santiago**
- **Grupo de Seguridade Sanitaria**
- **Grupo de Coordinación na Promoción Turística**
- **Grupo de Programadores de Eventos Culturais**
- **España Verde**

Metodoloxía

Entidades e institucións destacadas

Por último, tamén se levaron acabo múltiples encontros con institucións galegas, nacionais e internacionais, tratando de buscarlles solucións conxuntas aos retos e necesidades derivadas da situación actual.

Xunta de Galicia



Consellería de Cultura e Turismo
Consellería de Sanidade
Consellería de Economía, Emprego e Industria

Institucións galegas



FEGAMP



Deputación da Coruña



Deputación de Lugo



Deputación de Ourense



Deputación de Pontevedra



Sistema Universitario de Galicia

Institucións culturais



Consello da Cultura Galega



Real Academia Galega



Real Academia Galega de Belas Artes




Museo do Pobo Galego

Institucións turísticas



Clúster do Turismo de Galicia



Consello de Turismo de Galicia



Instituto da Calidade Turística de España (ICTE)



Plan de reactivación cultural e turística



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Plan de reactivación cultural e turístico

Mantemento do emprego e protección do tecido produtivo

A situación que atravesan os sectores cultural e turístico **precisa dunha resposta rápida** que contribúa a paliar as súas necesidades inmediatas no marco dunha crise que evoluciona rapidamente e na que abundan incertezas sobre a súa evolución futura.

Este contexto volátil obriga a establecer **medidas específicas e adaptativas**, pensadas para darlle resposta aos diferentes escenarios proxectados, tendo en conta a información dispoñible en cada momento.

Ese é o obxectivo final desta proposta. Un plan a medida, que formule novos investimentos, reconfigure o orzamento público e desenvolva medidas específicas para darlles resposta ás necesidades actuais dos sectores cultural e turístico galego.



Plan de reactivación cultural e turístico

Novos investimentos e reconfiguración do orzamento

O orzamento das accións contempladas neste plan parte dunha nova priorización de investimentos e da reestruturación das partidas preexistentes, **sumando un total de 26.8 M€.**

As necesidades e demandas nos eidos cultural e turístico mudaron profundamente por mor das medidas de contención da COVID-19, o que fai preciso reorientar as estratexias de acompañamento e impulso do sector público.

Todas as accións propostas, tanto de novo deseño como de redefinición das xa existentes, **teñen como finalidade posibilitar o mantemento do emprego e o tecido empresarial nos ámbitos cultural e turístico.**

A Xunta de Galicia apoia os dous sectores, vitais para Galicia e para a súa promoción, presente e futura, vencellada á próxima organización do Xacobeo.



Plan de reactivación cultural e turística O plan en cifras



26.8€ investimento total



**MAIO
DECEMBRO
2020** período de execución

X F M A M X X A S O N D



47 número de medidas

Impacto sectorial das medidas*

37 fomento do emprego

43 reactivación do consumo

36 xeración de liquidez

Sistema de execución*

27 convenios

12 ordes

20 execución propia

Tipoloxía das medidas:

35 novas medidas

12 moficadas

*Tanto nos indicadores de impacto sectorial, como nos de sistema de execución, algunhas das medidas son transversais, polo que suman en varios dos indicadores.



Obxectivos



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Obxectivos

A finalidade deste plan é impulsar a recuperación económica e a reactivación dos sectores culturais e turístico, fomentando o emprego e inxectando liquidez no tecido empresarial.

Para acadar este fin último, presenta os **seguintes obxectivos**:



Apoiar a viabilidade do tecido empresarial durante a transición cara ao proceso de normalización dos sectores cultural e turístico



Reforzar as medidas xerais de mantemento do emprego en áreas especialmente sensibles



Manter a cadea de valor dos sectores produtivos, apoiándose na organización do próximo Xacobeo 2021



Crear instrumentos, dialogados cos axentes sectoriais, **para favorecer a recuperación da estrutura empresarial**



Establecer estratexias que posibiliten a adaptación ao novo escenario socioeconómico xerado pola evolución epidemiolóxica da COVID-19



Impulsar procesos integrais que permitan **ofrecer garantías hixiénico-sanitarias**



Obxectivos

Obxectivos específicos no eido turístico

O sector turístico está moi marcado por unha gran dependencia da mobilidade e da confianza dos mercados globais. O mantemento do gran valor de Galicia como destino depende de que consigamos acadar os seguintes obxectivos:



Reforzar a marca propia e potenciar os seus atributos referenciais de calidade

(paisaxe-natureza, cultura-patrimonio, gastronomía,...), vencellados aos novos valores poscrise (seguridade, saúde, confianza...)



Potenciar a competitividade dos profesionais e empresas turísticas galegas



Impulsar novos produtos e solucións enfocadas ao novo escenario global posterior á crise sanitaria



Reaxustar as campañas de promoción

tomando como referencia o mercado de proximidade e o Camiño de Santiago



Crear protocolos e certificar medidas hixiénico-sanitarias



Obxectivos

Obxectivos específicos no eido cultural

O sector cultural ten unha idiosincrasia propia, polo que necesita de diversas medidas específicas para minimizar o impacto da crise. Resulta fundamental reforzar toda a cadea de valor da produción cultural, apoiando tanto a profesionais como a empresas.



Favorecer o consumo de produtos culturais, mediante o mantemento e impulso da actividade



Incentivar o mantemento da industria cultural galega e do emprego ante as restricións motivadas pola crise sanitaria, apoiándose tamén na programación do Xacobeo 2021



Impulsar medidas de fomento da creatividade e da produción cultural



Reforzar as estruturas de programación e distribución e potencialas a través do Xacobeo 2021





Xacobeo 2021



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 2021

Unha ferramenta transversal para a reactivación de Galicia

A nova situación obriga a un reforzamento do papel do Xacobeo 2021 como ferramenta de estímulo de actividade económica e do consumo, impulso das industrias culturais e turísticas e posicionamento da marca Galicia.



O Xacobeo 2021 é unha grande oportunidade para reactivar a economía de Galicia, grazas ao potencial comunicativo e ás grandes expectativas que xera, especialmente nos ámbitos cultural e turístico.

Polo que todas as accións deste plan contan, como elemento transversal, coa presenza dos obxectivos do Xacobeo 2021.

O importante traballo de planificación levado a cabo para o Xacobeo 2021 segue tendo un importante valor neste novo escenario, se ben é fundamental reconfigurar os seus obxectivos dándolle absoluta prioridade ás iniciativas de impulso económico e de activación do consumo e do emprego.

O Plan estratéxico do Xacobeo 2021, así como o Avance da programación, presentados polo Goberno galego, manteñen boa parte da súa vixencia no escenario actual. Con todo, é fundamental repensar as súas prioridades e reenfocalos atendendo ás necesidades xurdidas da nova realidade mundial.

Xacobeo 2021

Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago é un dos grandes activos de Galicia. Un legado milenario que se constitúe como unha fonte inesgotable de orgullo e espiritualidade, pero tamén riqueza e emprego.

Por estes motivos, **creouse un Grupo de Traballo específico para definir a estratexia do Camiño de Santiago no novo escenario posCOVID-19.**

Hoxe máis que nunca, os valores do Camiño de Santiago e da tradición xacobeá son fundamentais na recuperación anímica da sociedade: convivencia, humanismo, sustentabilidade, colaboración, capacidade de sacrificio...

Os valores que inspiran o Xacobeo 2021 encóntranse no centro do Plan estratéxico e do Avance da programación, e están tamén moi presentes neste Plan de reactivación.

Un plan que é unha ferramenta eminentemente económica, de impulso do consumo cultural e turístico e de activación do emprego, pero cunha dimensión profundamente humanista, moi necesaria no escenario actual. Por estas razóns o Xacobeo 2021 é o eixe transversal que vertebra todo este plan.





Medidas hixiénico-sanitarias



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Medidas hixiénico-sanitarias

O escenario creado pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 motiva a adopción de medidas de tipo hixiénico-sanitario nos sectores turístico e cultural. **A protección das persoas traballadoras e consumidoras debe ser unha prioridade no contexto posterior á crise sanitaria.**

Unha das claves da fase de recuperación e do establecemento dunha nova normalidade é a conexión da aplicación das medidas de seguridade sanitaria coa recuperación dos mercados e da confianza dos consumidores.

O Camiño de Santiago, pola súa singularidade, nivel de implantación territorial e dimensión internacional, debe ser obxecto de especial seguimento na aplicación destas medidas; especialmente en eidos como o aloxamento, a xestión de grupos ou os sistemas de mobilidade.



Deseño de protocolos sanitarios

Máis alá da aplicación de regulacións harmonizadas de ámbito estatal, a Xunta de Galicia traballa, de maneira coordinada coas autoridades sanitarias, as institucións, especialistas e cos axentes sectoriais na **elaboración de manuais coas recomendacións e instrucións necesarias neste eido.**

Estas Instrucións/recomendacións serán imprescindibles para poder dar unha solución exhaustiva, sistémica e unificada para a adaptación ás novas esixencias hixiénico-sanitarias que demanda a situación actual.

Medidas hixiénico-sanitarias

1

Adopción de medidas hixiénico-sanitarias nos sectores turístico e cultural

Acompañamento ao sector na adopción destas medidas e na adaptación dos seus establecementos e procesos. A través de medidas incorporadas a este Plan:

- **Programa “Galicia destino seguro”**
- **Plan de adecuación hixiénico-sanitario**

2

Certificación do proceso de adaptación

Establecerase un sistema de certificación sobre o cumprimento de medidas específicas, adaptando, tamén, os requisitos de sistemas de certificación xa implantados.

3

Mellora da confianza do consumidor e recuperación dos mercados

A posta en marcha destas medidas ten unha clara correlación coa normalización do consumo e a confianza dos usuarios e dos mercados, especialmente nos intervalos de tempo inmediatos ao levantamento das medidas de restrición á mobilidade de persoas e apertura de establecementos.

4

Creación dun un grupo de expertos para a elaboración de manuais hixiénico-sanitarios

Esta comisión está formada por representantes da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade, Consellería de Economía, Emprego e Industria e Consellería de Cultura e Turismo), Instituto da Calidade Turística de España (ICTE), FEGAMP, Clúster Turismo de Galicia e expertos destacados en materia sanitaria.



Eixes de actuación



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Eixes de actuación

Todas as medidas específicas recollidas neste plan organízanse en **9 eixes de actuación**, diferenciando entre propostas para o sector turístico e para o cultural e configurando como elementos transversais o Xacobeo 2021 e o desenvolvemento de medidas hixiénico-sanitarias.



Eixes de actuación no ámbito cultural

1. Activación da industria cultural galega
2. Mantemento do emprego cultural
3. Fomento do consumo cultural
4. Formación, profesionalización e mellora da competitividade



Eixes de actuación no ámbito turístico

1. Apoio ao tecido empresarial e mantemento do emprego turístico
2. Accións de promoción de Galicia e reactivación da demanda
2. Creación de novos produtos turísticos
4. Formación, competitividade e innovación



Medidas enmarcadas no Xacobeo 2021



Listaxe completa de medidas e actuacións



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Índice

Listado completo de medidas e actuacións

MEDIDAS DIRIXIDAS AO SECTOR CULTURAL	40
1. Activación da industria cultural galega	41
• Medidas de apoio ao sector do libro	
• Medidas de apoio ao sector audiovisual	
• Medidas de apoio ás artes escénicas	
• Medidas de apoio ás artes plásticas e ás galerías de arte de Galicia	
• Medidas de apoio ao sector da música	

2. Mantemento do emprego cultural

- Axudas para o fomento e dinamización da cultura 46
- Reprogramación da rede de dispositivos culturais da Xunta de Galicia no ámbito escénico

3. Fomento do consumo cultural

- Campaña de impulso e animación do consumo cultural 47
- Medidas de fomento da lectura e apoio ás bibliotecas públicas

4. Formación e profesionalización e mellora da competitividade

- Plan de formación no eido cultural 49
- Asesoramento e consultoría para empresas e xestores culturais

MEDIDAS DIRIXIDAS AO SECTOR TURÍSTICO

52

1. Accións de promoción de Galicia e reactivación da demanda

- Novas accións de promoción do destino Galicia 53
- Impulso do turismo MICE (reunións, incentivos, congresos e feiras)
- Aplicación do BIG DATA á industria turística no contexto posterior á crise sanitaria
- Deseño de accións cos concellos turísticos para implementación de medidas hixiénico-sanitarias
- Impulso á creación de produto gastronómico
- Acordo cos guías profesionais de Galicia

2. Creación de novos produtos turísticos

- Visitas temáticas para descubrir "A outra Galicia" 56
- Acordo co sector da turoperación para a promoción de Galicia e a creación de novos produtos turísticos
- Impulso aos xeodestinos para a creación de produtos turísticos
- Acordo con cadeas hoteleiras para promover intercambios vacacionais
- Convenio coas Rutas do Viño
- Acordo coa Asociación Galega de Axencias de Viaxe
- Convenio coa Asociación de Turismo Activo

3. Apoio ao tecido empresarial e mantemento do turismo

- Apoio ao financiamento e ao diálogo con entidades financeiras 59
- Programa “Queda en Galicia” para o financiamento gratuíto de actividades turísticas
- Programa “Galicia Destino Seguro”
- Apoio á adecuación Hixiénico-Sanitaria para establecementos hosteleiros e aloxamentos turísticos
- Certificacións de seguridade sanitaria para establecementos turísticos

4. Formación, competitividade e innovación

- Programa de asesoramento e consultoría en liña para empresas turísticas..... 61
- Observatorio para a Innovación e Sustentabilidade Turística
- Bono solidario para consumo de produtos turísticos
- Redacción da Estratexia 2030 post COVID-19
- Plan de formación no ámbito turístico
- Plataforma de comercialización en liña
- Elaboración de manuais con protocolos hixiénico-sanitarios sectorializados

MEDIDAS DO XACOBEO 2021 64

1. Medidas transversais enmarcadas no Xacobeo 2021 65

- Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021
- Adquisición pública de obra de arte de artistas galegos
- Programa de apoio ao sector escénico
- Ciclos musicais Xacobeo 2021 nas salas de concerto de Galicia
- Fest Galicia online Xacobeo 2021
- Programa de impulso ao sector musical Xacobeo 2021
- Potenciación do programa Cultura no Camiño
- Adecuación da Rede Pública de Albergues á nova normativa hixiénico-sanitaria
- Adaptación tecnolóxica da Rede Pública de Albergues para xestión da ocupación
- Galicia Emerxe
- Convocatoria de contidos musicais Xacobeo 2021

MEDIDAS DIRIXIDAS AO SECTOR CULTURAL

1. Activación da industria cultural galega

Impacto sectorial: ● Empleo ● Reactivación ● Liquidez



Medidas de apoio ao sector do libro

X F M A M X X A S O N D

Paquete de medidas de apoio ao sector do libro:

- **Apoio ás empresas editoras.** Apoio á produción e edición de libros por parte das empresas editoras con domicilio fiscal en Galicia, tanto en galego como en castelán, que aseguren o mantemento do ciclo editorial.
- **Apoio ás librarías.** Programa de actividades culturais que dará comezo cando se levanten as medidas de restrición, como apoio á difusión dos libros editados en Galicia.
- **Apoio ás feiras do libro de Galicia.** Colaboración coa Federación de Librarías de Galicia para facer posible o calendario de feiras do libro de Galicia, que acada catorce localidades de cidades e vilas.
- **Apoio ás traducións literarias.** Incremento das axudas ás empresas editoras para a realización de traducións do galego a outras linguas e doutras linguas ao galego.
- **Reforzo das axudas ás bibliotecas públicas,** co consecuente impacto no sector do libro *(Medida 9. Páxina 49)*

Orzamento total: **670.000 €** | Forma de execución: **varios** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

2

Medidas de apoio ao sector audiovisual

X F M A M X X A S O N D

Paquete de medidas de apoio ao sector audiovisual:

- **Modificación e flexibilización das axudas a festivais audiovisuais.** Apoio aos festivais audiovisuais mediante a flexibilización das bases, fomentando a modificación dos proxectos, a ampliación nas datas de celebración e introducindo a posibilidade da celebración en liña.
- **Ampliación dos beneficiarios das axudas ao talento audiovisual.** Incremento do número de curtas e guións apoiados na convocatoria 2020, mediante a modificación das bases.
- **Publicación das axudas de asistencia a foros e mercados audiovisuais.** Reembolso dos custos de asistencia a mercados xa celebrados para dar liquidez ás empresas, desde o 01/12/19 ata o 15/3/20
- **Fomento da fase de desenvolvemento audiovisual.** Apoio á fase previa á produción audiovisual para a consecución de proxectos dunha maior calidade.
- **Inxección de liquidez ás empresas audiovisuais.** Modificación extraordinaria das convocatorias de axudas ao audiovisual para facilitar a consecución de anticipos.
- **Impulso á internacionalización das empresas audiovisuais galegas.** Convocatoria dun fondo de coprodución internacional minoritaria no ámbito audiovisual que facilite a presenza de empresas galegas en proxectos internacionais de relevancia.

Orzamento total: **3.741.918 €** | Forma de execución: **varios** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

3



Medidas de apoio ás artes escénicas

X F M A M X X A S O N D

Paquete de medidas de apoio ás artes escénicas:

- **Adaptación das axudas á creación escénica.** Flexibilización das condicións da convocatoria de produción escénica do ano 2020, para fomentar o emprego e a mobilización de recursos para a produción de novos proxectos escénicos.
- **Adaptación das subvencións á distribución de artes escénicas.** Inxección de liquidez ás empresas de artes escénicas a través do reembolso dos custos de distribución interior e exterior entre o 01/11/19 e o 12/03/20.
- **Adaptación da orde de apoio aos festivais de artes escénicas.** Modificación das bases da convocatoria de axudas a festivais de artes escénicas, para facilitar a celebración dos eventos e incrementar o peso das compañías galegas na celebración.
- **Modificación e flexibilización das bases da convocatoria ás empresas de artes escénicas 2019-2020.** Adaptación da convocatoria de axudas a produción de artes escénicas para facilitar o cumprimento dos requisitos e inxectar liquidez nas empresas.
- **Normativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios.** Flexibilización da normativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios para que as funcións canceladas durante o primeiro semestre poidan programarse con facilidade no segundo.
- **Apoio á dramaturxia contemporánea galega.** Impulso dos premios de dramaturxia, fundamentais para o mantemento do emprego de escritores e dramaturgos.

Orzamento total: **1.815.382€** | Forma de execución: **varios** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez



Medidas de apoio ás artes plásticas e ás galerías de arte de Galicia

X F M A M X X A S O N D

Paquete de medidas de apoio ás artes plásticas e galerías de arte:

- **Axudas á creación no ámbito artístico.** Axudas para creadores/as artísticos (artistas e comisarios) de menos de 35 anos.
- **Apoio ás galerías de arte.** Apoio ás actividades da Asociación Contemporánea de Galerías de Arte de Galicia.
- **Encontro de Artistas Novos (EAN).** Celebración dun novo EAN adicado aos artistas máis mozos co obxectivo de potenciar e captar novos talentos.
- **Liña de axudas para profesionais do ámbito artístico.** Axudas para profesionais do ámbito artístico para a asistencia a feiras de arte fóra de Galicia.

Orzamento total: **365.000 €** | Forma de execución: **varios** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

5



Medidas de apoio ao sector da música

X F M A M X X A S O N D

Paquete de medidas de apoio ao sector da música:

- **Axudas á distribución musical.** Adaptación das bases da liña de axudas ata o período anterior ao estado de alarma, incrementando o seu importe proporcionalmente. O obxectivo desta medida é a inxección de liquidez ás empresas de música a través do reembolso dos custos de distribución exterior entre o 1/11/19 e o 12/3/20.
- **Axudas á produción fonográfica.** Adaptación das bases da liña axudas á produción fonográfica, que apoian a gravación e promoción de fonogramas (discos, single, videoclips, etc.) de músicos galegos. O obxectivo da modificación é facilitar a presentación de solicitudes ampliando os potenciais beneficiarios e adaptando os criterios da orde ao escenario actual do sector cultural.

Orzamento total: **270.000 €** | Forma de execución: **orde** | Tipoloxía: **modificada**

2. Mantemento do Emprego Cultural en Galicia

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez



Axudas para o fomento e dinamización da cultura en Galicia

X F M A M X X A S O N D

Fondo de apoio a proxectos e iniciativas culturais que prioricen o mantemento da actividade dos sectores creativos de Galicia, o desenvolvemento de proxectos culturais relevantes e a creación de contidos creativos tanto analóxicos coma dixitais.

Esta medida está dirixida a entidades e profesionais da cultura galega.

Orzamento total: 300.000 € | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**



Reprogramación da rede de dispositivos culturais da Xunta de Galicia no ámbito escénico

X F M A M X X A S O N D

Medidas de reprogramación da rede pública no ámbito escénico:

- **Reprogramación da actividade do Centro Dramático Galego.** Produción de tres espectáculos escénicos para ser distribuídos en 2021.
- **Reprogramación da actividade do Salón Teatro.** Impulso da produción de novos proxectos escénicos a través de acordos con outras entidades

Orzamento total: 440.000 € | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **modificada**

3. Fomento do consumo cultural en Galicia

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez



Campaña de impulso e animación ao consumo cultural

X F M A M X X A S O N D

Campaña transversal da Xunta de Galicia centrada na comunicación e sensibilización da sociedade galega sobre a importancia dos contidos culturais, do traballo de toda a cadea de valor da creación artística, da necesidade de implicarse no mantemento dun sector estratéxico para a nosa comunidade e de involucrarse na programación cultural, presencial ou a distancia, realizada polas industrias creativas galegas.

O fomento do consumo cultural é a pedra angular da recuperación e reactivación do sector, despois do tempo de inactividade e a posterior reapertura progresiva provocadas polo COVID-19. Esta campaña enfatizará a importancia da cultura; tanto como dereito irrenunciable e mostra do talento, identidade e herdanza dos galegos; así como un sector económico que xera emprego, riqueza e benestar e do que dependen moitas familias galegas.

Orzamento total: **300.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

9

Medidas de fomento da lectura e de apoio ás bibliotecas públicas

X F M A M X X A S O N D

Paquete de medidas de fomento da lectura e de apoio ás bibliotecas públicas:

- **Máis recursos na Rede de Bibliotecas de Galicia.** Adquisición de fondos bibliográficos (libros, materiais sonoros, xogos, mapas, materiais audiovisuais...) para a mellora das coleccións das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia mediante a súa compra nas librarías de proximidade.
- **Máis fondos en Galicia Le.** Aumento da dotación para a adquisición de libros e de audiovisuais na plataforma de préstamo de materiais electrónicos Galicia Le. Adquisición directa a empresas editoras e audiovisuais galegas, nun momento en que o número de usuarios e de préstamos na plataforma están a aumentar exponencialmente.
- **Dinamización da lectura desde as bibliotecas públicas.** Mantemento do programa de dinamización lectora “Ler Conta Moito”, que se leva a cabo na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- **Investimento nas bibliotecas públicas de xestión autonómica.** Adquisición de fondos para as coleccións e planificación de actividades culturais das sete bibliotecas de xestión autonómica e da biblioteca pública de Ferrol.

Orzamento total: **1.653.000 €** | Forma de execución: **varios** | Tipoloxía: **nova medida**

4. Formación, profesionalización e mellora da competitividade no

Impacto sectorial: ● Empleo ● Reactivación ● Liquidez



Plan de formación no eido cultural

X F M A M X X A S O N D

O Plan de formación no eido cultural contempla as seguintes medidas:

- **Bolsas de formación en materia cultural.** Convocatoria de bolsas de formación en materia de museos, de biblioteconomía e de arquivística dirixida a graduados que leven a cabo o seu labor formativo en centros culturais.
- **Plan de transformación dixital no ámbito cultural.** Creación dunha plataforma virtual para a formación en liña e compartir recursos formativos (Moodle).
- **Formación para os profesionais das institucións da cultura.** Posta en marcha dun programa de formación e de actualización profesional dirixido ao persoal de bibliotecas, arquivos e museos de Galicia, co obxectivo de incidir en aspectos necesarios sobre as novas realidades e necesidades dos equipamentos culturais.
- **Formación na transformación dixital para xestores culturais.** Convenio de colaboración coa AGPXC (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural) para a realización de varias accións formativas ao longo do ano 2020, tanto telemáticas como presenciais, que incidan no coñecemento e utilización de ferramentas e recursos para a transformación dixital do tecido cultural galego.

Orzamento total: **575.571 €** | Forma de execución: **varias** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

11

Asesoramento e consultoría para empresas e profesionais culturais

X F M A M X X A S O N D

Servizo de asesoramento e consultoría en liña que se ofrecerá desde a Cidade da Cultura en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.

Este servizo está dirixido a empresas e xestores culturais e ten por obxectivo a resolución de todo tipo de dúbidas de carácter laboral, información sobre a publicación de liñas de axudas públicas e as súas condicións e requisitos, a consulta de protocolos e criterios de carácter hixiénico-sanitario xa comezado o proceso de desescalada e demais dúbidas que poidan xurdir entre os profesionais da cultura.

Orzamento total: **40.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

1. Accións de promoción e de reactivación da demanda

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

12

Novas accións de promoción do destino Galicia

X F M A M J J A S O N D

- **Adaptación ao novo contexto.** Reformulación da campaña de promoción de Galicia poñendo en valor as súas fortalezas no escenario posterior á crise sanitaria, reafirmando os atributos que definen o destino, adaptándoa ao novo contexto e potenciando o Camiño de Santiago e os seus valores como gran referente de marca.
- **Priorización do turismo de proximidade.** Directamente dirixida ao mercado interno e de proximidade, para incentivar a visita segura a Galicia; enfocándose, tamén, paulatinamente, ao mercado internacional co obxectivo de manter a súa confianza.
- **Coordinación público-privada e interinstitucional.** Neste escenario, resulta fundamental a coordinación de mensaxes na promoción de destino e as dinámicas de desenvolvemento, sincronizándoas cos procesos de recuperación ; con tal motivo vénse de crear, no marco do Consello de Turismo de Galicia, un grupo de traballo para a coordinación de iniciativas de promoción onde están representadas as distintas administracións e o sector turístico.

Orzamento total: **1.500.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **modificada**

13

Impulso do turismo MICE (reunións, incentivos, congresos e feiras)

X F M A M J J A S O N D

Acordo de colaboración para a promoción do sector MICE:

- Promoción de Galicia como destino MICE
- Adaptación das empresas do sector á nova realidade hixiénico-sanitaria.
- Reactivación do portal Galicia MICE, ampliando a información, mellorando o seu posicionamento SEO e SEM.
- Creación dun plató online Galicia MICE para a realización de congresos e eventos virtuais e telecongresos, vía en streaming.
- Esta medida súmase á convocatoria de captación de eventos MICE impulsada por primeira vez en 2020 pola Xunta de Galicia e que conta cun orzamento de 500.000 €.

Orzamento total: **200.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

14

Aplicación do BIG DATA á industria turística no contexto posterior á crise sanitaria

X F M A M J J A S O N D

No escenario de post crise, é especialmente preciso dispoñer de datos relacionados cos desprazamentos, novas dinámicas de consumo e a análise dos escenarios de recuperación. Con este obxectivo empregarase a información recollida a través do Big Data, dispoñible por Turismo de Galicia para establecer novas dinámicas estatísticas que permitan actualizar as medidas segundo a evolución do mercado. **Obxectivos:**

- Monitorización de fluxos e dinámicas turísticas para a planificación e desenvolvemento do destino.
- Adecuación da oferta do sector ás demandas específicas nun contexto de cambio no comportamento dos consumidores.
- Orientación das accións de promoción e sincronización coas fases de recuperación e novos perfís de usuario.
- Adaptación das medidas públicas de acompañamento segundo evolución do mercado.

Orzamento total: **Medios propios** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **modificada**

15

Deseño de accións para concellos turísticos para implementación de medidas hixiénico-sanitarias

X F M A M J J A S O N D

Medida centrada no reforzo da coordinación municipal para impulsar a imaxe de Galicia como destino seguro en criterios hixiénico-sanitarios.

Acordo coa FEGAMP e o Instituto para a Calidade Turística Española para poder implementar os criterios de hixiénico sanitarios en espazos públicos singulares.

Orzamento total: **170.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liqueidez

16

Impulso á creación de produto gastronómico

X F M A M X X A S O N D

Medida de impulso ao desenvolvemento de produtos turísticos asociados á gastronomía, en colaboración coas asociacións especializadas neste ámbito e contextualizándoos no Plan Galicia Sabe da Xunta de Galicia.

A gastronomía e a calidade de produto constitúense como un dos grandes elementos de valor do noso destino e un dos principais motivos de elección por parte dos visitantes.

Orzamento total: **70.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

17

Acordo cos guías profesionais de Galicia

X F M A M X X A S O N D

Acordo coa Asociación de Guías Profesionais de Galicia co obxecto de reactivar a actividade deste colectivo respondendo ás necesidades futuras do sector.

- **Establecemento de garantías sanitarias** dos guías no seu desempeño profesional, tendo en conta a súa exposición.
- **Formación sectorial** (enfocada de maneira priorizada en novas técnicas de xestión de grupos, novos produtos turísticos, patrimonio cultural e Camiño de Santiago).
- **Creación do produto Coñece Galicia** para que o poidan ofertar as axencias de viaxes.

Orzamento total: **80.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

2. Creación de novos produtos turísticos

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

18

Visitas temáticas “A outra Galicia”

X F M A M X X A S O N D

As estadías de 2 ou 3 días no mesmo hotel terán como premio unha visita gratuíta na cidade que elixan entre os meses de xullo e setembro, centrado no turismo de proximidade e cunha clara vocación desestacionalizadora.

Este programa conta con **dúas modalidades en función do público** ao que vai dirixido:

- Modalidade parellas/ grupo familiar
- Modalidade para asociacións e colectivos.

Orzamento total: **96.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

19

Acordo co sector da turoperación para a promoción de Galicia e a creación de novos produtos turísticos

X F M A M X X A S O N D

Acordo de colaboración para a promoción de destino e o impulso de novos produtos turísticos:

- **Promoción:** difusión a través das súas plataformas en multicanle, mailing, contidos.
- **Novos produtos:** creación de novos produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021, atendendo o perfil de cada turoperador, crearanse novos itinerarios para grupos publicados en folletos ou en liña, creación de programas de escapadas e experienciais que unan a enogastronomía, o termalismo e actividades no entorno natural e patrimonio cultural.
- **Impulso de produtos en novas áreas estratéxicas:** como Ribeira Sacra, Mariña Lucense, Costa da Morte e diferentes Camiños para contribuír á súa reactivación.

Orzamento total: **200.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

20

Impulso aos xeodestinos para a creación de novos produtos turísticos

X F M A M X X A S O N D

Os xeodestinos téñense constituído xa como axentes clave na promoción turística a escala supramunicipal e como polo de desenvolvemento do sector nas súas áreas de implantación. A súa implicación nas dinámicas de reactivación sectoriais é clave para a activación de fórmulas adaptadas ao territorio no novo contexto de recuperación.

A Xunta de Galicia colaborará coas entidades xestoras dos xeodestinos na creación de paquetes/productos turísticos co obxectivo de potenciar a recuperación do tecido turístico a nivel local e o impulso do turismo rural.

Orzamento total: **1.075.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **modificada**

21

Acordo con cadeas hoteleiras para promover intercambios vacacionais

X F M A M X X A S O N D

En coordinación con grandes cadeas hoteleiras que teñan establecementos en Galicia e noutros puntos de España, promover intercambios vacacionais, especialmente coa España Verde. Creación de turismo solidario coa habitación solidaria na rede de aloxamentos de Galicia destinada a persoas da terceira idade con poucos recursos

Orzamento total: **70.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

22

Convenio coas Rutas do Viño

X F M A M X X A S O N D

Acordo coas Rutas do Viño co seguinte obxecto:

- Impulso dunha campaña de promoción das Rutas do Viño. Incluindo redes sociais, merchandising e outras accións promocionais da campaña.
- Adopción de protocolos de actuación fronte ao coronavirus para os establecementos socios das 5 Rutas do Viño.
- Servizo de atención ao cliente da plataforma de comercialización Enoturismo Galicia.
- Adaptación do desenvolvemento das actividades aos novos requisitos de carácter sanitario.

Orzamento total: **200.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

23

Acordo coa Asociación Galega de Axencias de Viaxes

X F M A M X X A S O N D

Colaboración e apoio ás axencias de viaxes galegas para redirixir paquetes contratados para turismo no exterior ao turismo local en Galicia.

Orzamento total: **150.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

24

Convenio coa Asociación de Turismo Activo

X F M A M X X A S O N D

Acordo coa Asociación de Turismo Activo co seguinte obxecto:

- **Readaptación dos equipos** ás actuais condicións hixiénico-sanitarias.
- **Promoción e mellora** do sector do turismo activo.
- **Formación en novas tecnoloxías**, para a mellora das canles de promo-comercialización das empresas de turismo activo. Cursos en liña orientados a mellorar o posicionamento na rede das empresas, así como para a capacitación para optimizar as súas canles de comercialización directa e indirecta a través do CSHG.

Orzamento total: **80.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

3. Apoio ao tecido empresarial e ao mantemento do turismo

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

25

Apoio ao financiamento e ao diálogo con entidades financeiras

X F M A M X X A S O N D

Debido á política de cancelacións que se debe aplicar por parte das empresas, facilítase o financiamento, a través das entidades financeiras, para a súa devolución. Ante a cancelación de viaxes, facilítanse os cambios sen custe cun bono que permite desfrutar do contratado ata fin de ano.

Orzamento total: **medios propios** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

26

Programa “Queda en Galicia” para o financiamento gratuíto de actividades turísticas

X F M A M X X A S O N D

O turismo local e de proximidade será clave nas primeiras fases de transición cara a normalización sectorial. As medidas facilitadoras do consumo de servizos turísticos teñen unha importancia clave neste estadio e activación da confianza dos consumidores respecto do contexto económico un factor clave.

Esta medida pretende achegar financiamento gratuíto para a **compra de produtos turísticos a desfrutar en Galicia**:

- Dirixido a persoas residentes en Galicia para turismo de proximidade.
- Achegará financiamento gratuíto, cunha carencia de seis meses.
- Colaboración entre entidades bancarias, empresas turísticas e Xunta de Galicia

Orzamento total: **150.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

27

**Programa “Galicia Destino Seguro”**

X F M A M X X A S O N D

Proxecto marco dirixido á reformulación da estratexia de promoción de destino, á xeración de novos produtos turísticos adecuados ao novo contexto do mercado e á modernización e adaptación do sector turístico. Esta medida está dirixida a establecementos turísticos, axencias de viaxe e turoperadores, sector MICE, guías turísticos e outros subsectores en toda a cadea de valor. Pretende servir como ferramenta de mantemento e impulso do sector turístico galego ante o impacto da crise sanitaria e o reto da recuperación de mercados e a confianza dos consumidores.

Orzamento total: **2.900.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

28

**Apoio á adecuación hixiénico-sanitaria para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos**

X F M A M X X A S O N D

Apoio á implementación de medidas hixiénico-sanitarias. Esta medida pretende facilitar a adaptación dos establecementos aos requisitos esixidos nos protocolos hixiénico-sanitarios. A achega pública a este proceso de adaptación pretende limitar a carga financeira que pode supoñer para a cadea de valor do sector turístico. Favorecerá a adquisición de equipamentos e preparación de espazos para adoptar medidas en establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos.

Orzamento total: **1.750.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

29

**Certificacións de seguridade sanitaria para establecementos turísticos**

X F M A M X X A S O N D

Galicia é líder no número de establecementos con certificacións de calidade no contexto estatal. Preténdese favorecer a incorporación de criterios hixiénico-sanitarios nos procesos de certificación, mediante a inclusión de criterios sanitarios nos procesos de certificación e a continuidade co apoio á certificación de establecementos turísticos e espazos singulares.

Orzamento total: **300.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **modificada**

4. Formación, competitividade e innovación

Impacto sectorial: ● **Emprego** ● **Reactivación** ● **Liquidez**

30

Programa de asesoramento e consultoría en liña para o sector turístico

X F M A M X X A S O N D

A través dun equipo multidisciplinar de asesoramento técnico ás empresas, ponse en marcha un programa de consultoría en liña con profesionais para axudar identificar medidas personalizadas para cada área de negocio (márketing, CRM, operacional, financeiro, etc.) e para colaborar na súa implementación, contribuíndo a minimizar o impacto das accións de continxencia provocadas polo COVID_19. Xestionarase a través do Clúster de Turismo de Galicia e o servizo de consultoría do CSHG.

- Asesoramento a través de expertos e consultoría especializada
- Apoio ao desenvolvemento das empresas tras a crise sanitaria en múltiples áreas (xestión empresarial, financiamento e fiscalidade ou planificación laboral).

Orzamento total: **150.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

31

Observatorio para a innovación e a sustentabilidade turística

X F M A M X X A S O N D

Creación dun espazo de referencia para todos os actores implicados na mellora do sector turístico: empresa (Clúster e asociacións), profesionais do turismo, universidades, institucións e administracións.

Os seus eixes de traballo serán innovación, sustentabilidade, seguridade sanitaria e aplicación das novas tecnoloxías ao sector.

Orzamento total: **60.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

32



Bono solidario para consumo de produtos turísticos

X F M A M X X A S O N D

Poñer en marcha, en colaboración coas entidades sectoriais, un bono dirixido ao consumo de produtos turísticos para axentes directamente vinculados na loita contra o COVID-19. Co obxectivo de:

- Contribuír a incentivar o consumo turístico cun efecto multiplicador no turismo en gasto medio, estadía, número de viaxeiros...
- Facilitar un respiro familiar/social aos traballadores máis implicados nesta crise, poñendo en valor o seu esforzo.

Orzamento total: **1.500.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

33



Redacción da Estratexia de Turismo 2030 post COVID-19

X F M A M X X A S O N D

Activación do proceso de elaboración da Estratexia de Turismo de Galicia 2030, tendo en conta as implicacións futuras da actual crise sanitaria.

Creación dun comité de expertos: aproveitando a elaboración do Plan 2030, profesores, técnicos especialistas, sectores transversais ao turismo, etc. Co obxecto de monitorizar as accións previstas facer, validar o Plan proposto e traballar en medidas co para seren incluídas na nova Estratexia 2030.

Orzamento total: **80.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

34

Plan de formación no ámbito turístico

X F M A M X X A S O N D

Impulso ao Plan de Formación no Sector Turístico impulsado pola Xunta de Galicia e centrado na mellora da capacitación profesional. Desde a declaración do estado de alarma, programáronse, con gran participación programas de formación en liña a través da plataforma vinculada co CSHG.

- Reforzo da formación en liña e descentralizada
- Inclusión de novos programas formativos centrados no ámbito hixiénico-sanitario

Orzamento total: **30.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **modificada**

35

Plataforma de comercialización en liña

X F M A M X X A S O N D

Emprego da nova plataforma de comercialización en liña de experiencias enoturísticas que se está a desenvolver desde Turismo de Galicia para incentivar as reservas por vía telemática e de maneira directa.

Orzamento total: **150.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

36

Elaboración de Manuais Hixiénico Sanitarios no ámbito do turismo

X F M A M X X A S O N D

A Xunta de Galicia está elaborando, a través de diversos grupos de expertos e seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias, unha serie de protocolos e manuais hixiénico-sanitarios para garantir a seguridade e a confianza, tanto dos potenciais visitantes como dos propios traballadores do sector.

Orzamento total: **medios propios** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

1. Medidas enmarcadas no Xacobeo 2021

Impacto sectorial: ● Empleo ● Reactivación ● Liquidez

37

Fondo para proxectos culturais Xacobeo 2021

X F M A M X X A S O N D

Fondo para proxectos de todos os sectores e ámbitos culturais (artes escénicas, danza, música, artes plásticas, ciencia, literatura, divulgación, patrimonio cultural, turismo cultural, lingua...).

Apoio de ata 4.000€ ás persoas físicas e 10.000€ ás xurídicas.

Orzamento total: **1.500.000 €** | Forma de execución: **orde** | Tipoloxía: **nova medida**

38

Adquisición pública de obra de arte de artistas galegos

X F M A M X X A S O N D

Apoiar as artes plásticas e a actividade dos nosos creadores máis novos será tamén unha prioridade na celebración do Xacobeo 2021.

Por iso, impulsarase un programa de adquisición de obras de artistas emerxentes que contribúa ao aumento de fondos artísticos públicos, impulsando así a cultura e deixando para o futuro un legado que testemuñe a creación actual.

Orzamento total: **200.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

39

Programa de apoio ao sector escénico

X F M A M X X A S O N D

Residencias artísticas, ciclos, nova programación... No marco do Xacobeo 2021, a Xunta de Galicia apoiará de maneira estable ao sector escénico da Comunidade. Esa é a finalidade desta medida dirixida a proxectos de carácter plurianual. A modalidade desta convocatoria facilitará o anticipo dos gastos do ano 2020, axudando dese xeito ao mantemento das empresas.

Orzamento total: **500.000 €** | Forma de execución: **orde** | Tipoloxía: **nova medida**

40

Ciclos musicais Xacobeo 2021 nas salas de concerto de Galicia

X F M A M X X A S O N D

Tras máis de dez anos de traxectoria, a Rede Galega de Música ao Vivo continúa reforzando os seus estándares de profesionalidade e especialización froito da colaboración entre a Xunta de Galicia a os locais que dan forma ao circuito. No marco da crise do coronavirus, trasladarase o ciclo ao ámbito en liña como parte da nova programación dos concertos de pagamento previstos.

Orzamento total: **400.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**

41

Fest Galicia wn liña Xacobeo 2021

X F M A M X X A S O N D

Fest Galicia está a consolidar a nosa comunidade como un destino de referencia na industria musical e o turismo de festival. As restricións de aforo que se prevén nestes meses impedirán o seu normal desenvolvemento. No seu lugar, co fin de preservar o tecido empresarial e ofrecer unha oferta de ocio á cidadanía, establecerase un sistema coordinado de festivais en liña.

Orzamento total: **400.000 €** | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **modificada**

Impacto sectorial: ● Empleo ● Reactivación ● Liquidez

42

Programa de impulso ao sector musical Xacobeo 2021

X F M A M X X A S O N D

A industria musical debe seguir traballando malia que a situación actual impida o normal desenvolvemento dos seus proxectos nas condicións previstas inicialmente. Esta convocatoria plurianual de proxectos prevé precisamente o seu financiamento, de maneira que comecen o seu desenvolvemento este ano e estean listos para a súa posta en marcha durante o 2021.

Orzamento total: **1.000.000 €** | Forma de execución: **orde** | Tipoloxía: **nova medida**

43

Potenciación do programa Cultura no Camiño

X F M A M X X A S O N D

“Cultura no Camiño” vén sendo nos últimos anos unha efectiva e dinámica ferramenta de programación de artes escénicas e outras actividades de lecer para os concellos do rural. Con motivo do Covid-19, refórzase a súa orientación para incrementar os seus fondos e facilitar que poidan presentarse de toda Galicia, especialmente das provincias de Lugo e Ourense.

Orzamento total: **750.000 €** | Forma de execución: **orde** | Tipoloxía: **modificada**

44

Adecuación da Rede Pública de Albergues á nova normativa sanitaria

X F M A M X X A S O N D

A Rede Pública de Albergues de Peregrinos da Xunta de Galicia, con 70 establecementos distribuídos ao longo de todos os Camiños de Santiago, constitúen unha opción de aloxamento moi valorada polos peregrinos que se adecuará ás novas necesidades. Prevense medidas que inclúen unha profunda desinfección así como diversas actuacións en materia de hixiene.

Orzamento total: **300.000 €** | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

Impacto sectorial: ● Emprego ● Reactivación ● Liquidez

45

Adaptación tecnolóxica da Rede Pública de Albergues para a xestión da ocupación

X F M A M X X A S O N D

Nos últimos anos os albergues de peregrinos da Rede Pública dependente da Xunta veñen introducindo progresivamente melloras tecnolóxicas. Agora, darán un novo paso co fin de que os usuarios poidan coñecer con antelación a súa ocupación. A través dun novo sistema telemático de xestión, optimizarase o funcionamento e as decisións dos peregrinos.

Orzamento total: 20.000 € | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **nova medida**

46

Programa Galicia Emerxe X21

X F M A M X X A S O N D

Programación de concertos protagonizados por músicos galegos, na que se combina a participación presencial de público (na medida na que as restricións sanitarias progresivamente o permitan) coa súa emisión en liña ou televisada.

Orzamento total: 500.000 € | Forma de execución: **propia** | Tipoloxía: **modificada**

47

Convocatoria de contidos musicais Xacobeo 2021

X F M A M X X A S O N D

Convocatoria, enmarcada na programación do Xacobeo 2021, para a grabación de contidos de músicos galegos que serán difundidos a través da CRTVG, así como en liña e a través de outras canles.

Orzamento total: 75.000 € | Forma de execución: **convenio** | Tipoloxía: **nova medida**



Resumo Orzamentario do Plan



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Resumo orzamentario do Plan

Investimento total: 26.8 M€

CULTURA	
EIXE DE ACTUACIÓN	ORZAMENTO ESPECÍFICO
Activación da industria cultural galega	6.862.300 €
Mantemento do emprego	740.000 €
Fomento do consumo cultural	1.953.000 €
Formación, profesionalización e mellora da competitividade	615.570 €

TURISMO	
EIXE DE ACTUACIÓN	ORZAMENTO ESPECÍFICO
Accións de promoción de Galicia e reactivación da demanda	2.020.000 €
Creación de novos produtos turísticos	1.871.000 €
Apoio ao tecido empresarial e mantemento do emprego turístico	5.100.000 €
Formación, competitividade e innovación	1.970.000 €

XACOBEO 2021	
EIXE DE ACTUACIÓN	ORZAMENTO ESPECÍFICO
Medidas transversais enmarcadas no Xacobeo 2021	5.645.000 €



Fontes e Bibliografía



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

Fontes utilizadas na redacción do Plan de Reactivación dos Sectores Cultural e Turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19

Ámbito Turístico

- Informe de impacto da crise do COVID 19 sobre o sector turístico galego. Cluster Turismo de Galicia. Abril 2020
- Impacto COVID-19: Planes Públicos de Contingencia y Reactivación Económica. KPMG. Marzo 2020
- Randstad Research. Previsión de recuperación de la economía tras la crisis del Covid-19. Randstad Holding N.V. Marzo 2020.
- COVID-19. Impacto y escenarios de recuperación en consumo y distribución. Deloitte. 2020
- Apoyo al empleo y a la economía a través del turismo. Llamamiento a la acción para mitigar el impacto socioeconómico de la COVID-19 y acelerar la recuperación. Organización Mundial del Turismo (OMT). 2020
- Impacto do coronavirus en Galicia. Exceltur. Abril 2020
- Exposición do Camiño de Santiago aos efectos do COVID-19. IDEGA. USC. Abril 2020

Ámbito Cultural

- Estudo de impacto do COVID-19. Economía e emprego no sector cultural. Universidade de Santiago de Compostela. 2020.
- Impacto COVID-19: Planes Públicos de Contingencia y Reactivación Económica. KPMG. Marzo 2020

- Randstad Research. Previsión de recuperación de la economía tras la crisis del Covid-19. Randstad Holding N.V. Marzo 2020.
- Anuario de Estadísticas Culturales. Ministerio de Cultura y Deporte. 2019.
- Encuesta de hábitos y prácticas culturales. Ministerio de Cultura y Deporte. 2019.
- Estado de la Cultura en España. Cultura local, democracia, desarrollo. Fundación Alternativas. 2019.
- Anuario SGAE 2019 de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales. Fundación SGAE. 2019.
- Informe sobre las artes escénicas, su financiación y situación laboral 2018. Observatorio da Academia de las Artes Escénicas de España. 2018
- Instituto Galego de Estadística. Xunta de Galicia.
- Observatorio da Cultura Galega. Consello da Cultura Galega.
- Monitor da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega (CCG)
- Culture and Working Conditions for Artists. UNESCO. 2019

